

PROCESO ASISTENCIAL INTEGRADO DE DANO CEREBRAL ADQUIRIDO



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Servizo Galego de Saúde
Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria
Subdirección Xeral de Xestión Asistencial e Innovación

Deseño e maquetación: Versal Comunicación S. L.
Lugar e ano de publicación: Santiago de Compostela, 2023

PROCESO ASISTENCIAL INTEGRADO DE DANO CEREBRAL ADQUIRIDO



ÍNDICE

1. AUTORÍA

2. GLOSARIO

3. INTRODUCCIÓN. CONTEXTO

- 3.1. Participación de pacientes, familiares/cuidadores
- 3.2. Modelo de atención

4. DEFINICIONES E OBXECTIVOS

- 4.1. Definición de Dano Cerebral Adquirido (DCA)
- 4.2. Límites do Proceso

4.2.1. LÍMITES DE ENTRADA/ INICIO

4.2.2. LÍMITE DE SAÍDA/ FINALIZACIÓN

- 4.3. Obxectivos do proceso asistencial integrado

4.3.1. OBXECTIVO XERAL

4.3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

5. FLUXOGRAMA DE PROCESOS

6. DESCRICIÓN DE PROCESOS

- 6.1. PROCESOS FASE AGUDA
 - PROCESOS
 - FASE AGUDA
 - DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE (TAREFAS)
 - CARACTERÍSTICAS DE CALIDADE
- 6.2. PROCESOS FASE SUBAGUDA
- 6.3. PROCESOS FASE CRÓNICA

7. INDICADORES



8. ANEXOS

ANEXO 1. INFORMACIÓN BÁSICA PARA LLES TRANSMITIR AOS PACIENTES E ÁS FAMILIAS/PERSOAS COIDADORAS

ANEXO 2. REXISTRO DO PLAN INDIVIDUALIZADO DE ATENCIÓN MULTIDISCIPLINAR

ANEXO 3. CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN DE PACIENTES SEGUNDO O NIVEL DE TRATAMENTO REHABILITADOR QUE NECESITA

A. Paciente que necesita un tratamento rehabilitador INTENSIVO

B. Paciente que necesita un tratamento rehabilitador NON INTENSIVO

C. Paciente que precisa un tratamento médico rehabilitador de secuelas

ANEXO 4. CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN DE PACIENTES DE ALTA COMPLEXIDADE

A. Paciente de alta complexidade

ANEXO 5. CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN DE PACIENTES SEGUNDO A NECESIDADE DO NIVEL DE ATENCIÓN (INGRESO/AMBULATORIO)

A. Paciente que necesita un tratamento rehabilitador con ingreso

B. Paciente que é susceptible dun tratamento rehabilitador ambulatorio

ANEXO 6. CARACTERÍSTICAS DE CALIDADE DOS TRATAMENTOS REHABILITADORES

A. Características recomendadas para un tratamento rehabilitador INTENSIVO

B. Características de calidade recomendadas dun tratamento rehabilitador NON INTENSIVO

C. Características recomendadas dun tratamento rehabilitador para pacientes crónicos

ANEXO 7. CARACTERÍSTICAS RECOMENDADAS DE CALIDADE DAS UNIDADES QUE PRESTAN TRATAMENTO REHABILITADOR A PACIENTES CON DCA

A. Características recomendadas de calidade do centro para prestar un tratamento rehabilitador intensivo ou non intensivo con ingreso en paciente de alta complexidade

B. Características recomendadas de calidade do centro para prestar un tratamento rehabilitador intensivo ou non intensivo con ingreso en paciente non complexo

ANEXO 8. *POSTSTROKE CHECKLIST*

ANEXO 9. PLANS INDIVIDUALIZADOS DE ATENCIÓN (PIAs) POR ESPECIALIDADE

MODELO PLAN INDIVIDUALIZADO DE ATENCIÓN (PIA) DE: ENFERMERÍA

MODELO PLAN INDIVIDUALIZADO DE ATENCIÓN (PIA) DE: FISIOTERAPIA

MODELO PLAN INDIVIDUALIZADO DE ATENCIÓN (PIA) DE: LOGOPEDIA

MODELO PLAN INDIVIDUALIZADO DE ATENCIÓN (PIA) DE: PSICOLOXÍA CLÍNICA - NEUROPSICOLOXÍA

MODELO PLAN INDIVIDUALIZADO DE ATENCIÓN (PIA) DE: TERAPIA OCUPACIONAL

MODELO PLAN INDIVIDUALIZADO DE ATENCIÓN (PIA) DE: TRABALLO SOCIAL



ANEXO 10. CATÁLOGO DE SERVICIOS E RECURSOS DAS ASOCIACIÓNS DE PACIENTES CON DANO CEREBRAL ADQUIRIDO EN GALICIA
SERVICIOS E RECURSOS DE ATENCIÓN NAS ASOCIACIÓNS
ANEXO 11. PRESTACIÓNS SOCIAIS PARA AS PERSOAS CON DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

9. BIBLIOGRAFIA



1. AUTORÍA

Coordinación do documento:

Alonso Fachado, Alfonso

Subdirector xeral de Xestión Asistencial e Innovación. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde

Cimadevila Álvarez, María Blanca

Xefa do Servizo de Integración Asistencial. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde

Moares Castiñeiras, Yolanda

Técnica do Servizo de Integración Asistencial. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde

Grupo de traballo

Alfonso Abal, María Ángeles

Fisioterapeuta. Servizo de Rehabilitación. Área sanitaria de Pontevedra e Salnés

Antelo Pose, Ana

Facultativa especialista de Medicina Física e Rehabilitación do Hospital de Barbanza. Área sanitaria de Santiago e Barbanza

Bermello López, Lourdes

Enfermeira do Servizo de Neuroloxía. Hospital Universitario Lucus Augusti. Área de saúde de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos

Calvo Pérez, Ana Isabel

Técnica do Servizo de Integración Asistencial. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde

De la Sierra Vázquez, Carmen

Consellería de Política Social

Figueroa Rodríguez, Jesús

Xefe de Sección do Servizo de Rehabilitación. Área sanitaria de Santiago e Barbanza

Formigo Couceiro, Jacobo

Adxunto especialista de área. Servizo de Rehabilitación. Área sanitaria da Coruña e Cee

García Calvo, Rocío

Asociación de Dano Cerebral de Compostela Sarela

Hermida Fernández, Monserrat

Enfermeira. Servizo de Atención Primaria de Ferrol-Serantes. Área sanitaria de Ferrol

Hermida Val, Begoña

Directora da Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace)

Huerta Mareca, Rebeca

Terapeuta ocupacional. Hospital Universitario Lucus Augusti. Área de saúde de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos



Juan García, Francisco Javier

Xefe de sección do Servizo de Rehabilitación. Hospital Álvaro Cunqueiro. Área sanitaria de Vigo

Maciñeiras Montero, José Luis

Facultativo especialista de área. Servizo de Neuroloxía. Complexo Hospitalario Universitario de Vigo. Área sanitaria de Vigo

Martín Mourelle, Rosa

Adxunto especialista de área. Servizo de Rehabilitación. Área sanitaria da Coruña e Cee

Monteagudo Romero, Josefina

Subdirectora xeral de Humanización e Atención á Cidadanía

Pintos Pérez, Luis

Fisioterapeuta. Servizo de Atención Primaria de Moaña. Área sanitaria de Vigo

Piñeiro Bóveda, M^a Belén

Xefa do Servizo de Traballo Social. Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. Área de saúde de Verín e O Barco de Valdeorras

Prieto González, José María

Xefe do Servizo de Neuroloxía. Área sanitaria de Santiago e Barbanza

Romero García, Ana

Consellería de Política Social

Sánchez Grandal, Eva

Médica de Familia. Servizo de Atención Primaria das Pontes. Área Sanitaria de Ferrol

Sardiña Agra, Javier

Adxunto especialista de área. Servizo de Psiquiatría. Área sanitaria da Coruña e Cee

Soneira Escariz, M^a del Carmen

Logopeda do Servizo de Rehabilitación. Hospital Meixoeiro. Área sanitaria de Vigo

Sousa Casanovas, Pablo

Facultativo especialista de área. Servizo de Neurocirurxía. Hospital Álvaro Cunqueiro. Área sanitaria de Vigo

Ventosa Rial, Javier

Subdirector xeral de Atención Sociosanitaria e Innovación Asistencial. Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria. Consellería de Política Social



2. GLOSARIO

ABVD: Actividades básicas da vida diaria.

Coma Near Recovery Scale-R CRS-R: Consta de 6 subescalas deseñadas para avaliar a función auditiva, visual, motora, oromotora verbal; a comunicación e o nivel de alerta.

CONECTA 72: Sistema do Servizo Galego de Saúde polo que se realiza unha chamada desde a enfermería do centro de saúde en menos de 72 horas, tras a alta hospitalaria.

DCA: Dano cerebral adquirido.

ECV: Escalas de calidade de vida.

Escala de GUSS (*Gugging Swallowing Screen*): É unha ferramenta tipo *screening*, útil para avaliar os trastornos da deglutición e o risco de aspiración.

Escala de Rankin: É comunmente utilizada para medir o grao de incapacidade ou dependencia nas actividades diarias de persoas que sufriron un ictus ou un accidente vascular cerebral.

EuroQol-5D (EQ-5D): É un instrumento xenérico de medición da calidade de vida relacionada coa saúde que pode utilizarse tanto en individuos relativamente sans (poboación xeral) coma en grupos de pacientes con diferentes patoloxías.

FAC (*Funcional Ambulatory Categories*): É unha escala numérica de valoración funcional da marcha do 0 ao 5, onde 0 se considera incapacidade total da marcha e 5 marcha autónoma en calquera tipo de terreo.

FIM (Medida de Independencia Funcional) e **FAM** (Medida de Avaliación funcional): Son medidas de discapacidade.

IANUS: É a historia clínica electrónica do Servizo Galego de Saúde.

Índice de Barthel: É unha medida xenérica que valora o nivel de independencia do paciente con respecto á realización dalgunhas actividades básicas da vida diaria (AVD), mediante a cal se asignan diferentes puntuacións e ponderacións segundo a capacidade do suxeito examinado para levar a cabo estas actividades.

Escala de coma de Glasgow (*Glasgow Coma Scale -GCS*): É unha escala de aplicación neurolóxica que permite medir o nivel de conciencia dunha persoa.

MECV-V: Método de exploración clínica do volume da viscosidade.

NIHSS: En inglés, *National Institute of Health Stroke Score*.

OMS: Organización Mundial da Saúde.

PAI: Proceso asistencial integrado.

PIA: Plan individualizado de atención na fase aguda.

Sergas: Servizo Galego de Saúde.

TCE: Traumatismo craneoencefálico.

UCI: Unidade de Coidados Intensivos.



3. INTRODUCCIÓN. CONTEXTO

O dano cerebral adquirido (DCA) é unha situación clínico-funcional que pode ser ocasionada por diversas **causas**. No noso medio, **o 80 % dos casos de DCA son debidos a ictus ou a unha enfermidade cerebrovascular aguda**, cuxa incidencia e prevalencia aumenta proporcionalmente ao incremento da esperanza de vida da poboación.

Tras a fase aguda da enfermidade ou do proceso patolóxico que orixina o DCA, quen a sufra queda inicialmente **con diversos tipos de déficit e de intensidade variable**, que poden mellorar en función de distintos parámetros, como o grao de afectación, a idade e a comorbilidade da persoa, así como a aplicación de terapias adecuadas.

En Galicia, segundo a enquisa de discapacidade elaborada polo Instituto Nacional de Estadísticas, no **ano 2020 identificáronse, polo menos, 33.300 persoas** (17.200 mulleres e 16.100 homes) con discapacidade por dano cerebral adquirido. No ámbito poboacional, estas cifras representan o 1,3 % de persoas con dano cerebral adquirido respecto da poboación de máis de 6 anos sen diferenza por xénero.

No 80 % das persoas con dano cerebral, a súa orixe foi un accidente cerebrovascular (ictus hemorráxico ou isquémico etc.) e o 20 % restante por traumatismo cranioencefálico. Existe unha diferenza por xénero neste aspecto, dado que **nos homes a orixe do dano por traumatismo é o dobre ca nas mulleres (16 % mulleres sobre 25 % en homes)**. O dano cerebral adquirido supón en Galicia **case o 12 % de todas as discapacidades**.

As actuacións sanitarias que se lles realizan nos primeiros momentos ás persoas afectadas de dano cerebral adquirido son fundamentais para diminuír as secuelas permanentes que poidan ter estes pacientes. Por iso, a realización dun **procedemento unificado que sexa aplicado por todos os profesionais implicados na atención a estas persoas é fundamental**.

3.1. PARTICIPACIÓN DE PACIENTES, FAMILIARES/COIDADORES

Para a realización deste PAI, ademais do grupo de profesionais expertos e representativos das distintas áreas de saúde e categorías profesionais, contouse coa perspectiva dos pacientes. Realizáronse, ademais, reunións con grupos focais de pacientes e familiares/coiadores para lle transmitir ao grupo de expertos os problemas de atención que se identificaron e as súas expectativas respecto da atención destes pacientes.

Por outra banda, elaborouse un estudo do traxecto do paciente polo sistema sanitario, mediante a metodoloxía do Patient Journey, que permite analizar a experiencia do paciente desde a súa propia perspectiva a partir do momento do diagnóstico da súa enfermidade.



Esta metodoloxía permite mellorar a comunicación cos pacientes e definir melloras nos circuítos asistenciais e, máis concretamente:

- Mellorar a coordinación entre os distintos profesionais e servizos.
- Realizar avaliacións das repercusións principalmente cognitivas.
- Mellorar os circuítos de apoio psicolóxico.
- Ter un profesional de referencia.
- Mellorar os procedementos de rehabilitación física.
- Homoxeneizar a atención hospitalaria en todo os recursos do Sergas.
- Mellorar a información sobre as asociacións.
- Fomentar o apoio para a tramitación de recursos a través dos profesionais de traballo social.
- Diminuír os tempos ata a realización das intervencións nas plantas despois da UCI ou urxencias.
- Mellorar a oferta de apoio ao cuidador.
- Mellorar a información no momento da alta hospitalaria.
- Fomentar un maior apoio á integración na sociedade.
- Evitar os altos custos xerados ás familias para o seguimento do tratamento.
- Posibilitar o acceso ao ximnasio para continuar con algúns exercicios sen necesidade de que haxa supervisión directa.
- Permitir que o cuidador estea presente para a súa formación, mentres o persoal auxiliar lles axuda aos pacientes na súa hixiene, alimentación etc.

3.2. MODELO DE ATENCIÓN

A variedade de sistemas que poden verse afectados ante un DCA fai necesaria unha abordaxe interdisciplinar na que se coordine a acción de especialidades que a persoa afectada pode chegar a necesitar. Este aspecto considerouse fundamental neste PAI, o que inclúe un sistema de coordinación entre os distintos profesionais que atenderán estes pacientes. Para iso **establécense os plans individualizados de atención (PIA)** de cada un dos profesionais que deben atender a persoa enferma e a elaboración dun **PIA global e un resumo que o profesional responsable da persoa enferma poida ir revisando.**

Neste PAI especificáronse as **características do que se debe considerar un tratamento intensivo**, as **que deben posuír os centros** que deben prestalo e as dos pacientes aos que se lles debe aplicar. Deste xeito, conseguirase **unha mellor calidade na prestación do servizo e unha maior equidade.** Igualmente, definíronse estes parámetros para **o tratamento non intensivo e o tratamento de secuelas.** Pola súa vez, tamén **se definiron estes criterios** para as persoas afectadas que se atopen hospitalizadas, en seguimento ambulatorio ou en situación crónica que serán seguidas polos seus equipos de atención primaria.



Un tema que se considerou fundamental en todo o PAI foi **o coidado da información que se lles transmite ás persoas afectadas e aos seus familiares/coiadores**, tanto no seu contido coma nas características do lugar para transmitila. Esta cuestión foi priorizada por mor das experiencias que os afectados transmitiron.

Este PAI tenta **dar unha resposta rápida e coordinada ás necesidades das persoas afectadas por un dano cerebral adquirido** nas fases subaguda e crónica. Debido á **complexidade e á multitude de diferentes afectacións** que pode ter unha persoa con dano cerebral adquirido, faise necesaria a definición dos **plans individualizados de atención, nos que cada profesional realizará unha valoración para definir uns obxectivos de atención e as accións para realizar.**

A valoración de pacientes nesta situación, así como o deseño e a aplicación das terapias máis adecuadas dirixidas á recuperación motora, funcional e cognitiva, é o que se denomina neurorrehabilitación.

O documento tivo como guías os distintos documentos elaborados polas diversas sociedades científicas do campo da neurorrehabilitación, en que se definen os procedementos asistenciais que permitan **a máxima mellora funcional posible nos pacientes.**

Con este documento, o Servizo Galego de Saúde promove a garantía da calidade dos servizos sanitarios de forma segura e eficiente e a equidade no acceso ás persoas afectadas polo dano cerebral adquirido en Galicia.



4. DEFINICIÓNS E OBXECTIVOS

4.1. DEFINICIÓN DE DANO CEREBRAL ADQUIRIDO (DCA)

Segundo a OMS, defínese o dano cerebral adquirido como o conxunto de lesións cerebrais que suceden despois do nacemento e que non está relacionado con enfermidades conxénitas ou dexenerativas, de carácter temporal ou permanente e que pode provocar unha discapacidade funcional e/ou falta de adaptación psicosocial.

As principais causas de DCA son:

- Enfermidade cerebrovascular: isquémica, hemorráxica.
- Traumatismo cranioencefálico: accidentes de tráfico, traumatismos directos (caídas, agresións, práctica deportiva...), feridas por arma de fogo.
- Encefalopatía anóxica: anoxia/hipoxia (parada cardíaca, afogamento, exposición a tóxicos etc.).
- Infeccións: meninxite bacteriana, infeccións por fungos, encefalites virais...
- Tumores cerebrais: primarios ou metastáticos.

4.2. LÍMITES DO PROCESO

4.2.1. LÍMITES DE ENTRADA/ INICIO

Paciente con diagnóstico confirmado de DCA segundo definición previa e tras a estabilidade do paciente.

4.2.2. LÍMITE DE SALIDA/ FINALIZACIÓN

- En caso de que non se confirme o diagnóstico de DCA.
- En caso de que a evolución do DCA non xere repercusión funcional/persoal sobre o paciente.
- Falecemento do ou da paciente.
- Saída do ou da paciente do sistema sanitario galego.



4.3. OBXECTIVOS DO PROCESO ASISTENCIAL INTEGRADO

4.3.1. OBXECTIVO XERAL


Conseguir a máxima autonomía funcional, participación social e calidade de vida do paciente posible, de acordo coa extensión do dano cerebral e a súa situación previa, a través da consecución dos obxectivos incluídos nos sucesivos plans individuais de atención.

4.3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Promover a identificación das persoas afectadas como un colectivo con necesidades da mesma tipoloxía.
2. Crear a etiqueta DCA.
3. Conseguir a equidade na avaliación, atención e prestacións sociosanitarias que se lles realice ás persoas afectadas por DCA e aos seus familiares/coidadores.
4. Asegurar a coordinación e a continuidade asistencial da atención en todas as fases e entre todos os dispositivos e axentes implicados, tendo en conta os tempos de demora máxima entre atencións especificados neste proceso asistencial integrado (PAI).
5. Alcanzar unha alta participación e nivel de satisfacción dos profesionais do sistema público sociosanitario e das asociacións implicadas na atención de todas as persoas con DCA.
6. Conseguir que as persoas con dano cerebral, as súas familias e os seu coidadores se sintan informados e acompañados, de xeito que poidan xestionar a súa situación da forma máis autónoma e eficiente posible.



5. FLUXOGRAMA DE PROCESOS



6. DESCRIPCIÓN DE PROCESOS

6.1. PROCESOS FASE AGUDA

PROCESOS FASE AGUDA	DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE (TAREFAS)	CARACTERÍSTICAS DE CALIDADE
Asignación de profesional responsable/referente e inicio do proceso	<ul style="list-style-type: none"> • A persoa responsable do servizo no que se atope o paciente deberá realizar unha asignación dun profesional facultativo como responsable do proceso asistencial. • Esta persoa responsable presentarse como tal ao paciente e á familia ou á persoa cuidadora e: <ul style="list-style-type: none"> • Valorará se o paciente está estabilizado. • Xestionará/solicitará a avaliación inicial, o que incluírá a dimensión social. • En caso de pacientes con ingresos prolongados e clinicamente inestables, deberase realizar unha avaliación inicial adaptada entre as primeiras 2-4 semanas. 	<p>É preciso deixar anotado no curso clínico a realización das valoracións realizadas inicialmente e as solicitudes do resto de valoracións.</p>
Avaliación inicial	<ul style="list-style-type: none"> • Avaliación da disfagia: <ul style="list-style-type: none"> • Método de exploración clínica do volume de viscosidade (MECV-V), escala de GUSS ou equivalente. • Axustar dieta/nutrición. • Informar o paciente e a familia/persoa cuidadora. 	<p>Enfermería</p> <p>Formación específica na súa identificación</p> <p>Tempo recomendado para realizar esta avaliación: antes de iniciar calquera inxestión nas primeiras 24 horas.</p>



PROCESOS FASE AGUDA	DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE (TAREFAS)	CARACTERÍSTICAS DE CALIDADE
<p>Avaliación inicial</p>	<ul style="list-style-type: none"> ♦ Valoración global das alteracións funcionais: <ul style="list-style-type: none"> • Valoración sociofamiliar/Rankin previo. • Alteración cognitiva: valoración profesional (si/non). Test de MOCA ou equivalente, sempre e cando sexa posible a súa realización. • Alteración da linguaxe/deglutición: valoración profesional (si/non). • Exploración neurolóxica dirixida: escalas Glasgow/NIHSS. • Valoración da capacidade de volteo e de transferencias: valoración profesional/subdominio Barthel. • Valoración da capacidade de marcha: escala FAC. • Valoración da calidade de vida aplicando a escala EuroQol (EQ-5D-5L), se o paciente pode realizalo. En caso contrario, esperar a que se poida realizar. ♦ Información ao paciente e á familia/persoa cuidadora, adaptada á súa comprensión, sobre a sospeita diagnóstica, detalle das probas realizadas e primeiras intervencións efectuadas. Recomendado: ter presente o lugar no que se informa, así como o tempo dedicado, e respectar a intimidade e a confidencialidade. 	<p>Médico/a Rehabilitador/a</p> <p>Tempo recomendado 72 horas</p>



PROCESOS FASE AGUDA	DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE (TAREFAS)	CARACTERÍSTICAS DE CALIDADE
<p>Planificación, Intervención e seguimento inicial</p>	<ul style="list-style-type: none"> ♦ Valoración da necesidade de solicitar novas avaliacións e intervencións de: <ul style="list-style-type: none"> • Médico/a Rehabilitador/a. Valorar intervención de: <ul style="list-style-type: none"> – Fisioterapia – Terapia ocupacional – Logopedia – Psicoloxía clínica (valoración funcionamento cognitivo) • Confirmación da disfagia <ul style="list-style-type: none"> – Valoración instrumental • Psiquiatría- Psicoloxía clínica <ul style="list-style-type: none"> – Área condutual (emocional, comportamental) – Fatiga, trastornos do sono / Proceso adaptativo • Traballo social ♦ Establecer o plan individualizado de atención na fase aguda (PIA global- fase aguda) (Anexo 2) ♦ Aplicación por parte de cada profesional das intervencións incluídas no PIA. ♦ Consenso con todo o equipo que está a atender o paciente para decidir: <ul style="list-style-type: none"> • Clasificación do paciente para determinar o nivel óptimo de rehabilitación que necesita (Anexo 3) • Cambio de fase • Valorar a alta ou o seguinte nivel de aplicación do tratamento (Anexo 4, 5): <ul style="list-style-type: none"> – Alta hospitalaria (sen secuelas). Sae do PAI – Alta para tratamento ambulatorio – Tratamento con ingreso e segundo clasificación: <ul style="list-style-type: none"> • Traslado intrahospitalario • Traslado a outro centro con ingreso da persoa afectada – Continuar e establecer a data da seguinte valoración ♦ Informar e implicar o paciente e a familia/ persoa cuidadora do plan individualizado de rehabilitación. 	<p>Médico/a responsable do paciente</p> <p>Elaboración do plan (PIA), conxuntamente cos profesionais que participaron na avaliación e no proceso da persoa enferma.</p> <p>Implicar o familiar ou a persoa cuidadora de forma presencial nas intervencións que se realicen sobre o paciente e medidas recollidas no PIA global.</p> <p>Aplicar información definida no Anexo 1</p>



PROCESOS FASE AGUDA	DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE (TAREFAS)	CARACTERÍSTICAS DE CALIDADE
<p>Valoración de alta unidade inicial e elección de tratamento e nivel de atención</p>	<ul style="list-style-type: none"> ♥ O persoal facultativo informa o paciente e a familia en canto sexa posible da data probable de alta. Para a información, terase en conta a Estratexia de humanización do Sergas. ♥ O persoal facultativo responsable e os profesionais de traballo social determinarán a necesidade dunha nova valoración social de cara á alta. ♥ Entrega e explicación do informe de alta/traslado a paciente e persoas cuidadoras. Recomendado: ♥ Antes da alta, realizarase unha valoración da calidade de vida aplicando a escala EuroQol (EQ-5D-5L)/Rankin e Barthel. ♥ Conxunto mínimo de datos para incluír o informe de alta. <ul style="list-style-type: none"> • Antecedentes persoais, incluído Rankin previo. • Enfermidade actual. • Exploración física no momento do ingreso e da alta. • Probas complementarias realizadas. • Evolución do cadro. • Impresión diagnóstica. • Tratamentos e intervencións aplicadas. • Recomendacións no momento da alta, incluídas as sociais. Se require seguimento, incluír un informe social no momento da alta. • Planificación do PIA no momento da alta/traslado. • Escala para incluír: Glasgow/NIHSS, Barthel, Rankin, FAC. • En caso necesario, incluír un profesional de referencia e a forma de contactar con el. ♥ Informe de continuidade de coidados de enfermería. ♥ Data de consulta se pasa a tratamento ambulatorio. 	<p>Profesional facultativo responsable do paciente</p> <p>Entrega do informe no momento da alta</p> <p>Informar o paciente sobre:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A Escola Galega de Saúde para Cidadáns (https://escolasaude.sergas.es/) - Asociacións de pacientes (Anexo 10) - (e-saúde cartafol compartido) (https://esaude.sergas.gal/) EPACI_epaciente/#/home - O sistema Conecta 72 <p>Aplicar información definida no Anexo 1</p>



6.2. PROCESOS FASE SUBAGUDA

PROCESOS FASE SUBAGUDA	DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE (TAREFAS)	CARACTERÍSTICAS DE CALIDADE
Nova avaliación de situación	<ul style="list-style-type: none"> ♥ Revisión da información da alta anterior. ♥ Valoración global da situación do paciente. ♥ Xestión de solicitudes de valoración por outros profesionais. <ul style="list-style-type: none"> • Valorar e xestionar a intervención dou- tros profesionais de: <ul style="list-style-type: none"> – Fisioterapia – Terapia ocupacional – Logopedia – Psicoloxía clínica - Recomendado con experiencia en neuropsicoloxía (valo- ración funcionamento cognitivo) • Psiquiatría - Psicoloxía clínica <ul style="list-style-type: none"> – Área condutual (emocional, com- portamental). Fatiga, trastornos do sono/proceso adaptativo. • Traballo social ♥ Información ao paciente e á familia/persoa coidadora, adaptada á súa comprensión, so- bre as seguintes valoracións e intervencións. 	<p>Médico/a rehabilita- dor/a</p> <p>Asignación de médi- co/a rehabilitador/a de referencia</p>



PROCESOS FASE SUBAGUDA	DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE (TAREFAS)	CARACTERÍSTICAS DE CALIDADE
Establecemento de Novo Plan Individualizado de Atención.	<ul style="list-style-type: none"> • Cada un/unha dos/das profesionais que foron activados/as realizarán as avaliacións do seu ámbito de competencia. • Cada profesional que participe na atención ao/a paciente deberá elaborar o seu propio Plan Individualizado de Atención (PIA) (Anexo 9) • Un resumo dese PIA deberá ser incluído no curso clínico do IANUS coa información definida no Anexo 2. • Información ao/á paciente e familia sobre o profesional de referencia. Situación funcional actual, proposta terapéutica e lugar/e de realización desta. • Se a situación cognitiva da persoa con DCA o permite, e as familias/persoas coidadoras están implicadas no tratamento, realizar a planificación de obxectivos e xestión da continuidade do seu proceso de atención. 	<p>Coordinación do Plan por médico/a rehabilitador/ a de referencia.</p> <p>Ter presente lugar e o tempo. Informar e coordinar con todo o equipo, paciente e familia</p>
Seguimento Plan Individualizado de Atención	<ul style="list-style-type: none"> • Valoración estandarizada por obxectivos cada 6-12 semanas, de forma orientadora. • Reunión de seguimento do PIA cos profesionais implicados na atención ao paciente. • Avaliación da necesidade dun cambio do tratamento rehabilitador ou do nivel de atención. • Realización dunha valoración final da súa calidade de vida aplicando a escala EuroQol (EQ-5D-5L) 	<p>Os tratamentos na fase ambulatoria deben incluír os mesmos elementos en canto a estrutura e contidos que os servizos coordinados de rehabilitación de pacientes hospitalizados/as.</p>



PROCESOS FASE SUBAGUDA	DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE (TAREFAS)	CARACTERÍSTICAS DE CALIDADE
Valoración de cambio do programa ou alta de programa/centro	<ul style="list-style-type: none"> ♦ Valoración do cambio de nivel de tratamento rehabilitador ou unidade de atención ou alta por cumprimento de obxectivos (Anexos 3 e 4). ♦ O persoal facultativo responsable informará o paciente e a súa familia, en canto sexa posible, da data probable de alta. ♦ Entrega e explicación do informe de alta/ traslado a paciente e persoas cuidadoras. ♦ Antes da alta, realizarase unha valoración da calidade de vida aplicando a escala EuroQol (EQ-5D-5L). ♦ Conxunto mínimo de datos para incluír no informe no momento da alta: <ul style="list-style-type: none"> • Antecedentes persoais, incluído Rankin previo. • Enfermidade actual. • Exploración física no momento do ingreso e no momento da alta. • Probas complementarias realizadas. • Evolución do cadro. • Impresión diagnóstica. • Tratamentos realizados. • Proposta terapéutica que debe seguir. • Recomendacións no momento da alta, incluídas as sociais. Iso abranguerá o sistema de seguimento dos de déficit do paciente e das escalas para aplicar e a súa periodicidade, así como as posibles complicacións que deberían ser identificadas no seguimento. • En caso necesario, incluírase un profesional de referencia e a forma de contactar con el. ♦ Informe de continuidade de coidados de enfermería. ♦ Informar da asociación de referencia na área sanitaria correspondente. ♦ Data de consulta se pasa a tratamento ambulatorio ou domiciliario. 	



6.3. PROCESOS FASE CRÓNICA

PROCESOS FASE CRÓNICA	DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE (TAREFAS)	CARACTERÍSTICAS DE CALIDADE
<p>Seguimento da situación do/a paciente</p>	<ul style="list-style-type: none"> ♥ O profesional sanitario do equipo de atención primaria valorará o informe da alta do tratamento rehabilitador. Débese valorar a limitación funcional tras finalizar a rehabilitación para así determinar o estado funcional conseguido, aplicando as escalas e as medidas previstas no informe. ♥ De forma anual, realizarase unha avaliación mediante o <i>Poststroke checklist</i> (anexo 8). ♥ Elaboración dun plan específico de seguimento das repercusións da súa patoloxía neste paciente. ♥ Asegurar a realización do tratamento rehabilitador pertinente en función dos déficits que a persoa presente, monitorizando o grao de cumprimento deste, mediante a valoración e a promoción da súa realización de forma periódica. ♥ Os pacientes con disfagia persistente deben ser monitorizados, incluído o peso, de forma regular. Valorando a necesidade de cambios na dieta e/ou na vía da alimentación para previr e evitar desnutrición. ♥ Ante pacientes con déficits motores ou de equilibrio débese valorar o risco de caídas e aplicar as medidas pertinentes. ♥ Realizar un seguimento estreito dos factores determinantes causais do dano cerebral adquirido para realizar unha prevención secundaria do DCA. 	<p>Médico/a. Enfermeira/o de atención primaria</p> <p>As consultas de seguimento estableceranse segundo a situación do paciente.</p>



PROCESOS FASE CRÓNICA	DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE (TAREFAS)	CARACTERÍSTICAS DE CALIDADE
<p>Seguimento da situación do/a paciente</p>	<ul style="list-style-type: none"> ♦ Control do tratamento da secuelas crónicas que, dependendo do seu alcance, requirirán diferentes graos de mantemento e intensidade asistencial para seguir recuperando autonomía e facilitando a reincorporación e a adaptación á súa contorna, garantindo os seus coidados básicos e a súa calidade de vida. Para iso, todos os recursos sanitarios, sociais e comunitarios, traballarán coordinada e intereseccionalmente, de cara a contribuír ao alcance do maior grao de autonomía persoal e calidade de vida posibles en todas as dimensións da vida da persoa (física, emocional, relacións interpersoais, benestar material, desenvolvemento persoal, autodeterminación, inclusión social e dereitos). ♦ Identificación de empeoramento debido ao seu DCA de acordo coas situacións previstas e remisión á unidade onde foi tratado previamente polo seu DCA. ♦ Informar das diferentes situacións clínicas e sociais derivadas do seu DCA ao paciente e á súa familia e/ou persoa coidadora. É recomendable ter presente o lugar no que se informa, así como o tempo dedicado, e respectar a intimidade e a confidencialidade. 	<p>Médico/a./ Enfermeira/ ou de atención primaria</p> <p>As consultas de seguimento estableceranse segundo a situación do paciente.</p>



7. INDICADORES

Obxectivo para medir	Nome do indicador	Fórmula	Fonte	Periodi- cidade	Desagreg.	Estándar
1. Obxectivo xeral: conseguir a máxima autonomía funcional, participación social e calidade de vida do paciente, de acordo coa extensión do dano cerebral e coa súa situación previa, a través da consecución dos obxectivos incluídos nos sucesivos plans individuais de atención.	Mellora de puntuación das escalas de calidade de vida EUROQUL 5Q-5L. Segundo a situación paciente, podería usar ECV específica de ictus.	Sumatoria de resultados de medición final - Sumatoria de resultados de medición inicial en porcentaxe.	Dentro das escalas do IANUS 5	Semestral	Galicia/ Área Sanitaria	70%
	Mellora das escalas de autonomía funcional, participación social Rankin ou Barthel.	Sumatoria de resultados de medición final - Sumatoria de resultados de medición inicial en porcentaxe.	Dentro das escalas do IANUS 5	Semestral	Galicia/ Área Sanitaria	70%
2.1. Promover a identificación das persoas afectadas mediante unha codificación por etiqueta común	Porcentaxe de pacientes adecuadamente identificados con causas relativas ao DCA.	Porcentaxe de historias clínicas de pacientes ingresados con DCA como indicador diagnóstico. principal	IANUS / HEXIN	Anual	Galicia/ Área Sanitaria	80%
2.2. Mellorar a equidade na avaliación e nos cuidados sanitarios e sociosanitarios que se lles ofrezan ás persoas afectadas e aos seus cuidadores	Realización en tempo da avaliación inicial.	Número de pacientes que teñen realizada a avaliación inicial completa en menos de 72 horas/Total de pacientes con DCA no mesmo período en porcentaxe.	Revisión Historias IANUS con código DCA	Anual	Galicia/ Área Sanitaria	70%



Obxectivo para medir	Nome do indicador	Fórmula	Fonte	Periodi- cidade	Desagreg.	Estándar
2.2. Mellorar a equidade na avaliación e nos cuidados sanitarios e sociosanitarios que se lles ofrezan ás persoas afectadas e aos seus cuidadores.	Realización en tempo da avaliación disfasia < 24 h.	Número de pacientes que teñen realizada a avaliación de disfasia en menos de 24 horas/ Total de pacientes DCA no mesmo período en porcentaxe.	Revisión historias IANUS con código DCA	Anual	Galicia/ Área Sanitaria	70%
2.3. Asegurar a coordinación e a continuidade asistencial en todas as fases e nos tránsitos entre os diferentes dispositivos e axentes implicados, reducindo os tempos de atención entre estes.	Continuidade de tratamento rehabilitador entre as fases cando sexa necesario segundo obxectivos < 72 h.	Número de pacientes con DCA que teñen cita en rehabilitación ambulatoria antes das 72 horas tras a alta hospitalaria/Total de pacientes con DCA dados de alta no mesmo período + 72 horas.	Revisión historias IANUS con código DCA	Anual	Galicia/ Área Sanitaria	75%
	Hospitais que dispoñen de puntos informativos das asociacións de DCA, nos que as familias e as persoas con DCA reciben información e formación sobre as necesidades de atención durante todas as fases do dano cerebral adquirido.	Número de hospitais públicos que dispoñen de puntos informativos ao dispor das asociacións de DCA/Número total de hospitais onde se atenden pacientes con DCA.	Informe emitido polas subdireccións de Calidade das áreas sanitarias	Anual	Galicia/ Área Sanitaria	100%



Obxectivo para medir	Nome do indicador	Fórmula	Fonte	Periodi- cidade	Desagreg.	Estándar
2.4. Alcanzar unha alta participación dos profesionais do sistema público sociosanitario e das asociacións implicadas na atención de todas as persoas con DCA.	Coñecemento do PAI polos profesionais.	Número de profesionais dos servizos de Neuroloxía/UCI/Rehabilitación/Traballo Social... que coñecen o PAI/Total de profesionais	Sesión de presentación PAI de DCA	Anual	Galicia/ Área Sanitaria	100%
2.5. Conseguir que as persoas con dano cerebral e as súas familias e cuidadores se sintan informados e acompañados, para que poidan xestionar a súa situación da forma máis autónoma e eficiente posible.	Familiares que se senten adecuadamente informados.	Número de familiares/cuidadores que se senten adecuadamente informados/Total familiares-cuidadores en porcentaxe.	Enquisa de satisfacción para familiares	Anual	Galicia/ Área Sanitaria	70%
	Pacientes que se senten adecuadamente informados.	Número de pacientes que se senten adecuadamente informados/ Total pacientes en porcentaxe.	Enquisa de satisfacción para pacientes	Anual	Galicia/ Área Sanitaria	70%



8. ANEXOS

ANEXO 1. INFORMACIÓN BÁSICA PARA LLES TRANSMITIR AOS PACIENTES E Á SÚA FAMILIA/PERSOAS COIDADORAS

A persoa con DCA e/ou a súa familia deben recibir información sobre as cuestións sinaladas a continuación, dependendo das afectacións da persoa con DCA.

A. DURANTE O INGRESO HOSPITALARIO

- a. Os cuidados posturais e as transferencias necesarias desde o momento en que o persoal de referencia o indique.
- b. A importancia de manter a autonomía do paciente na medida das súas posibilidades.
- c. A ocupación do tempo, respectando os ritmos e as necesidades de descanso do paciente, sempre que o profesional de referencia permita aproveitar o tempo sen tratamento e/ou as visitas con actividades estimulantes, de preferencia previa ou nova para o paciente.
- d. Favorecer a orientación temporal, espacial e persoal a través de reloxo, calendario, fotos etc., sempre que o psicólogo clínico non indique o contrario.
- e. Recomendacións para facilitar a comunicación do paciente cos membros da familia e co persoal sanitario.
- f. Explicación básica sobre a heminegligencia, para que potencien o achegamento e o uso do lado negligente e se favoreza a atención cara a el.
- g. Información ao propio paciente e/ou aos familiares/coidores acerca das medidas que deben tomar durante o momento da alimentación.
- h. Posibilidades de aloxamento para aquelas familias de fóra da cidade e/ou da provincia.
- i. Uso de espazos do hospital (duchas, sobre todo).
- j. Asociacións especializadas en DCA a onde poder dirixirse para recibir outro tipo de servizos complementarios e apoio entre familias e/ou persoas con DCA.
- k. Os procesos e as xestións para a valoración da situación de dependencia.
- l. Pautas para a prevención da sobrecarga de cuidados ás familias coidoras.
- m. Manter guías informativas á disposición no cuarto e/ou nas salas de espera da planta e dos servizos ambulatorios.
- n. Educación terapéutica ao paciente e aos familiares/coidores sobre o manexo da deglución (adaptacións dietéticas e de líquidos, uso de espesante, xestión de secrecións, inxestión de medicación, actuación ante unha situación de atragamento) en casos de problemas de deglución.
- o. Recomendacións para facilitar a comunicación do paciente coa familia e co persoal sanitario, sobre todo nos casos de trastornos da linguaxe e da comunicación



- p. Aproveitar a estancia hospitalaria para formar os familiares, para o que se poden empregar recursos audiovisuais. Reforzar a formación coa entrega de guías ou doutros recursos.

B. NO MOMENTO DA ALTA HOSPITALARIA

- ♥ Informar sobre outras transferencias non practicadas en planta (coche, cama non articulada, bañeira etc.).
- ♥ Asesorar sobre posibles adaptacións do domicilio e axudas técnicas de apoio e informar da posibilidade de alugar e dos sistemas de préstamos.
- ♥ Manter o seguimento sobre pautas e asesoramento en alimentación, no caso de comezar coa deglutición en diferentes texturas.
- ♥ Formar no manexo básico de sondas e signos de alarma (risco de infección, úlceras por presión...).
- ♥ Distribuír o cuarto de forma accesible e adaptada á nova situación física da persoa.
- ♥ Explicarlle exercicios ao paciente, se o seu estado o permite (automobilizacións etc.). Informar sobre recursos comunitarios e como acceder a eles (traballo social de atención primaria de saúde, servizos sociais comunitarios ou especializados, organizacións sociais ou asociacións para apoio e acceso a servizos específicos...) con derivación activa por medio de informe, sempre que se considere necesario.



ANEXO 2. REGISTRO DO PLAN INDIVIDUALIZADO DE ATENCIÓN MULTIDISCIPLINAR

Cada un dos profesionais que participan na atención ao paciente deberán acher a seguinte ficha de información ao curso clínico:

♥ FUNCIÓN VALORADA

- Profesional:
- Especialidade:
- Data da avaliación:
- Resultado da avaliación:
- Obxectivo da intervención (incluídos os de educación terapéutica), de acordo cos diferentes esquemas para cada tipo de profesional (anexos 8 e 9).
- Intervención (descrición/intensidade), incluídos os de educación terapéutica se se definiron obxectivos neste ámbito.
- Data da seguinte avaliación/alta:

Esta información deberá actualizarse, o que implica xerar unha nova ficha de información, cada vez que se cambie.



ANEXO 3. CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN DE PACIENTES SEGUNDO O NIVEL DE TRATAMIENTO REHABILITADOR QUE NECESITA

A. PACIENTES QUE NECESITAN TRATAMIENTO REHABILITADOR INTENSIVO

a. Criterios xerais que deben cumprir os pacientes para calquera etiología

- i.** Presenza de déficit funcional moderado/severo que afecte dúas ou máis áreas funcionais (mobilidade, deglución, comunicación, cognición e actividades da vida diaria) e que sexa susceptible de tratamento intensivo segundo a ponderación de factores prognósticos.
- ii.** Comorbidade que **non** impide un tratamento rehabilitador intensivo.
- iii.** Capacidade cognitiva minimamente conservada e un nivel de conciencia suficiente como para poder asegurar a participación nas diferentes disciplinas do tratamento rehabilitador. Nos TCE esta condición non é excluínte, xa que moitos deles presentan dificultades severas na fase subaguda.

b. Criterios específicos que deben cumprir os pacientes de DCA de orixe vascular

- i.** Rankin previo menor de 3.
- ii.** Cumprir os parámetros das seguintes escalas (non sempre excluíntes ao valorar o paciente individualmente):
 - 1.** Barthel menor de 80.
 - 2.** Escala National Institute of Health Stroke Scale (NIHSS): entre 1 e 16.
 - 3.** Escala de categorías de marcha funcional (FAC): 0-1-2

c. Criterios específicos que deben cumprir os pacientes de DCA de orixe traumática

- i.** Rankin previo: 0.
- ii.** Glasgow/Coma Near Recovery Scale-R entre 17-23 (fóra do estado de mínima conciencia).
- iii.** Situacións clínicas dunha evolución menor de oito semanas de estado de mínima resposta, cunha Coma Near Recovery Scale-R entre 9-16: sen lesión estrutural do tronco cerebral nin do tálamo. O tempo de evolución de oito semanas poderá ser revalorado segundo o tempo de estancia na UCI.

d. Criterios específicos que deben cumprir os pacientes de DCA doutras causas (miscelánea)



Hai un subgrupo de pacientes con dano cerebral adquirido agudo doutras causas médicas (encefalopatías anóxicas, infeccións, tumores, enfermidade desmielinizante...), que poderían ser valorables se cumpren os seguintes criterios:

- i. Patoloxías en situación médica estables e non progresivas.
- ii. Con patoloxía médica causante do DCA con tratamento etiolóxico finalizado.
- iii. Tempo de evolución menor de 6 semanas de diagnóstico de DCA.
- iv. Rankin previo: 0.
- v. Glasgow/Coma Near Recovery Scale-R entre 17-23 (fóra do estado de mínima conciencia).

B. PACIENTE QUE NECESITA UN TRATAMIENTO REHABILITADOR NON INTENSIVO

- a. Presenza de déficit funcional que afecte algunha das áreas funcionais (movilidade, deglutición, comunicación, cognición e actividades da vida diaria) e que sexa susceptible de tratamento rehabilitador.
- b. Comorbilidade que impide un tratamento rehabilitador intensivo.
- c. Capacidade cognitiva minimamente conservada e un nivel de conciencia suficiente como para poder asegurar a participación nas diferentes disciplinas do tratamento rehabilitador.
- d. Paciente que finalizou un tratamento rehabilitador intensivo e que segue necesitando un tratamento rehabilitador, pero non é necesaria unha intervención dun número intensivo de horas de rehabilitación.
- e. Pacientes que non cumpren criterios de tratamento intensivo.

C. PACIENTE QUE PRECISA TRATAMIENTO MÉDICO REHABILITADOR DE SECUELAS

- a. Paciente que xa non mellora ou que non se beneficia da rehabilitación **non intensiva ou intensiva** (despois de realizar dúas valoracións separadas 6-8 semanas sen cambios e que segue necesitando un tratamento rehabilitador para secuelas).



ANEXO 4. CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN DE PACIENTES DE ALTA COMPLEXIDADE

A. PACIENTES DE ALTA COMPLEXIDADE

- a.** Presentan discapacidades complexas ou graves na esfera física, cognitiva, comunicativa ou condutual e precisan intervencións de múltiples modalidades terapéuticas (fisioterapia, neuropsicología, logopedia, terapia ocupacional etc.).
- b.** Presentan patróns condutuais graves que ameazan a dinámica sociofamiliar e obrigan a medida de control farmacolóxico e/ou físico.
- c.** Necesitan intervencións clínicas altamente especializadas, por exemplo, para a retirada de ventilación asistida, manexo da traqueotomía, situacións de afectación cognitivo-condutual grave ou pacientes con estados alterados da conciencia.
- d.** Necesitan dunha avaliación complexa da deglutición (fibroscopia, videofluoroscopia...).
- e.** Teñen necesidades complexas de comunicación que requiren unha avaliación especializada (por exemplo: Coma Recovery Scale nos estados alterados da conciencia).
- f.** Precisan un tratamento de problemas médicos complexos ou inestables que precisan de alta especialización.
- g.** Requiren unha supervisión médica e atención de enfermería durante 24 horas.



ANEXO 5. CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN DE PACIENTES SEGUNDO A NECESIDADE DO NIVEL DE ATENCIÓN (INGRESO/AMBULATORIO)

A. PACIENTE QUE NECESITA UN TRATAMENTO REHABILITADOR CON INGRESO

- a. Persoa que require cuidados médicos continuados e de enfermería.
- b. Persoa que non ten unha contorna adaptada ao seu nivel de funcionalidade e apoio sociofamiliar.
- c. A distancia ao centro para prestar o tratamento rehabilitador é excesiva (> 1 hora en coche).
- d. Criterios de alta de atención centro:
 - i. Todos os seguintes:
 - 1. Estabilidade clínica.
 - 2. Axitación controlada.
 - 3. Debe de existir un destino adecuado onde a persoa con DCA poida residir (o seu domicilio con adaptacións necesarias, centro terapéutico residencial, centro sociosanitario, ou outros).
 - ii. e algún dos seguintes:
 - 1. Cumprimento de obxectivos de ingreso **de recuperación/rehabilitación**.
 - 2. Estabilización da melloría (sen alcanzar os obxectivos predeterminados), sen evidencia de melloría funcional durante un mes.
 - 3. Posibilidade de atención ambulatoria do proceso (se precisa).

B. PACIENTE QUE É SUSCEPTIBLE DUN TRATAMENTO REHABILITADOR AMBULATORIO

a. Criterios que debe cumprir:

- i. O paciente non require cuidados continuados médicos ou de enfermería.
- ii. É funcionalmente independente en transferencia ou a asistencia que require pode ser prestada pola familia, pola persoa cuidadora ou por servizos de cuidado profesionais a domicilio.
- iii. O/a paciente pode tolerar o tratamento ambulatorio pola distancia ao centro prestador do servizo, a seguridade no transporte etc.



ANEXO 6. CARACTERÍSTICAS DE CALIDADE DOS TRATAMENTOS REHABILITADORES

A. CARACTERÍSTICAS RECOMENDADAS PARA UN TRATAMENTO REHABILITADOR INTENSIVO

- a. Intervención intensiva e coordinada de catro ou máis disciplinas de terapia, ademais de especialistas en medicina física e rehabilitación, outras especialidades médicas (neuroloxía, psiquiatría etc.) e coidados de enfermería nun contorno de rehabilitación.
- b. Programa de rehabilitación de mediana a longa duración para alcanzar os obxectivos planificados: desde 2-4 meses ata 6 meses ou máis, a condición de que isto poida xustificarse por resultados medibles.
- c. Impartiranse terapias intensivas individualizadas nas que se recomendan os seguintes estándares:
 - ≥ 3 horas diarias ou
 - > 15 horas de terapia semanais
- d. Aplicación de tecnoloxías e de asistencia a medida, sistemas de bipedestación, solucións de ortopedia a medida, tecnoloxía de control de contorna, sistemas alternativos de comunicación, ventilación mecánica etc.
- e. O equipo terapéutico reunirse semanalmente co fin de elaborar e de revisar os plans individualizados de rehabilitación. Na reunión participarán os profesionais implicados na atención ao paciente.
- f. A historia clínica do paciente incluírá plans individualizados (PIA) de rehabilitación con obxectivos funcionais en cada unha das áreas, seguindo a ficha do anexo 1.
- g. En cada caso, elaboraranse informes de avaliación inicial, de seguimento e de alta que reflectan a natureza multidisciplinar da rehabilitación.
- h. Deberá existir un plan de atención ás familias, que inclúa:
 - Reunións periódicas co profesional responsable e valoración de reunións con outros profesionais.
 - Sesións de adestramento no manexo dos problemas que presenta o paciente. Levaranas a cabo os distintos terapeutas que traballan co paciente.
 - Contacto regular con traballo social como profesional do equipo, co fin de valorar a situación familiar e de coñecer o estado da intervención social co paciente, coa familia e coa comunidade de cara ao momento da alta
- i. Existirá un método de medición global de resultados da rehabilitación on algunha escala internacionalmente recoñecida. A escala ha de reflectir información relativa á funcionalidade. Na actualidade, recoméndase utilizar FIM/FAM.



j. Obxectivos funcionais individualizados en función da situación de cada paciente **para conseguir durante a hospitalización:**

- Lograr marcha terapéutica, definida como puntuación 2 nas escalas de Sagunto ou na FAC (escala de avaliación da capacidade de marcha ou *Functional Ambulation Categories*).
